

# COIDAMOS DO NOSO PARA COIDAR O DE TODAS E TODOS



Modalidade 2

PROXECTO DE  
INVESTIGACIÓN DE  
CICLO

TITORA 3º: SILVIA PIÑEIRO RODRÍGUEZ  
TITORA 4º: M<sup>a</sup> CRUZ ALFONSO LAYA  
CO-TITORA 4º E COORDINADORA DA  
BIBLIOTECA: BEATRIZ OTERO SOLLA



CEIP P ENRIQUE BARREIRO PIÑEIRO  
Curso 2018/19

## A.- INTRODUCCIÓN

### 1) Xustificación do proxecto

Cando en 2016 abrimos as portas do **comedor** do noso centro, non pensamos que iniciabamos un camiño de aprendizaxes de tan longo percorrido. Nese curso realizamos un **PDI** sobre a nova instalación. As conclusións deste traballo xeraron varias **melloras na escola**, entre elas un **colector de compost** no patio, instalado polo Concello. No seguinte curso, o mesmo grupo **continuou o proxecto** formándose como mestras/es composteiras/os, facendo unha campaña de recollida responsable de refugallos, formando ao resto da comunidade e encargándose da **tarefa de compostaxe** que a día de hoxe está totalmente consolidada no centro.

Aplicando o principio de “Pensa globalmente, actúa localmente”, cremos que a mellor maneira de transmitir a importancia do coidado do medio é comezar co que está ao noso redor. Así naceu **“Coidamos do noso para coidar o de todas e todos”**, o **PDI** deste curso que vén de rematar.

A **dirección** do centro, coa axuda do **Concello**, decidira construír unha pequena **horta escolar**. Dous bancais para que deramos renda solta ás nosas mañas labregas, que para algo moitos somos fillos/as e netos/as de expertos horticultores. E comezamos por coidar a nosa hortiña, novidade no patio, que algo habería que facer con tanto compost de primeira calidade.

Así que puxemos mans á obra. As mestras non estábamos moi rodadas no tema de plantar polo tanto, deixamos que o alumnado falara do tema. Durante estas primeiras asembleas, pronto empezaron a xurdir dúbidas. Non nos quedou outra que empezar a planificar **actividades significativas, interdisciplinares e que fomentaran a mellora das competencias do noso alumnado**.

Para desenvolver este proxecto precisamos, ademais de todas as ganas e boa disposición do alumnado, outra parte moi importante do noso centro, a **biblioteca escolar**.

A continuación, trataremos de resumir o noso traballo, enlazando novas e actividades co seu aloxamento no **blog da biblioteca** e no **sites do proxecto, ECOVilariño**.

### 2) Planificación con referencia aos contidos curriculares, criterios e ea así como ccc

O documento de concreción curricular que nos guiou na planificación, execución e avaliación deste

proxecto atópase aloxados na seguinte [ligazón](#).

### **3) Calendario de tarefas (ver apartado C)**

### **4) Alumnado e profesorado participante**

O proxecto que presentamos foi desenvolvido co **alumnado de 3º e 4º** do CEIPP Enrique Barreiro Piñeiro. As responsables de planificalo e levalo a cabo fomos as mestras titoras de 3º, **Silvia Piñeiro Rodríguez** e 4º, **Mª Cruz Alfonso Laya**, xunto coa colaboración da coordinadora da biblioteca **Beatriz Otero Solla**. Esta última tamén co-titorizou 4º, impartindo as materias de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais.

### **5) Organización para a realización do proxecto**

A meirande parte das actividades que presentamos (agás as enquisas e os programas de radio) foron realizadas de igual xeito en ámbalas dúas aulas, nas horas de **Lingua Galega**. En terceiro tamén aproveitamos contidos relacionados con **Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e Matemáticas** para levalos ao proxecto, polo que botamos man dalgunhas horas das devanditas materias.

## **B.- OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTA**

O proxecto continúa por terceiro ano o camiño iniciado na investigación sobre o comedor, seguido da instalación do colector de compost e a construción dunha horta escolar no patio.

A necesidade de formarnos para poder plantar deu pé ás investigacións iniciais: saídas, exposicións doutros cursos, recepción de expertos na materia... que foron dando lugar ás primeiras tarefas. Feitos inesperados tamén nos axudaron cando parecía que todo estaba un pouco parado. Pero pronto aquelas sementes comezaron a dar froito. Empezou un non parar de investigacións, textos, gravacións, publicacións e por que non, tamén algunha enchente nos demos.

## **C.- BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.**

O traballo coordinado entre dúas aulas require tempo. As titoras dedicamos unha hora semanal para compartir inquedanzas, planificar e deseñar tarefas, publicar produtos finais rematados... Tamén precisamos da colaboración estreita coa bibliotecaria do centro e co-titora de 4º: horas de recreos,

entradas e saídas e mensaxería instantánea, tamén cabe recoñecelo. Compartir o noso traballo no blog da biblioteca, asesoramento documental, técnico (era o noso primeiro sites), ..... foron algunhas das súas aportacións.

Pero sobre todo, a alumnado foi o que nos abriu o rego sobre o que plantar as diversas tarefas. Intentamos propoñer textos variados en canto a tipoloxía textual, buscando cumprir e mesmo ampliar a proposta de traballo mensual da biblioteca. Ás veces as propostas confluían, como no caso do mes da radio pero outras, como xa estabamos metidas en faena non fomos quen de vinculalas ao proxecto (poño por caso o mes da ilustración e os booktubers do mes do libro). Visto agora, aínda poderíamos terlle sacado maior proveito á temática que nos ocupaba.

Intentamos que as tarefas se adaptasen a ambos niveis, moitas delas foron iguais pero noutras diversificamos porque o grupo dos maiores está máis desenvolto traballando con esta metodoloxía e as/os pequenos/as precisan inverter máis tempo.

**A liña temporal do proxecto, o punto de partida de cada actividade, a súa motivación e a tipoloxía textual traballada recóllense na seguinte táboa.**

	Tarefa 1	Tarefa 2	Tarefa 3	Tarefa 4	Tarefa 5
<b>Que pasou?</b>	Temos horta e non sabemos que plantar		Entrevista a Salomé e Severo	Visita de Samuel. Estreamos a horta Levamos xudías para cultivar nas clases.	Necesitamos un calendario agrícola.
<b>Que queremos?</b>	Preguntar na casa	Visitar HortaSalnés e o invernadoiro de Benito	Compartilo	Dála a coñecer	Saber que podemos plantar na horta
<b>Tipoloxía textual</b>	Cadro recollida información Mural clasificación hortalizas	Noticia	Noticia e Entrevista (preguntas e redacción)	Noticia	Ficha descritiva das hortalizas. Adiviñas e refráns

	Tarefa 6	Tarefa 7	Tarefa 8	Tarefa 9	Tarefa 10
<b>Que pasou?</b>	Inauguramos a horta. Xa todos os cursos plantaron.	As ovellas comen os repolos	Estreamos RadioEstrela	Charla de Samuel sobre agricultura e alimentación saudable	Cultivamos xudías na aula
<b>Que queremos?</b>	Representar a parcelaria na nosa horta.	Compartir a información e coñecer outros posibles "ataques"	Dar consellos a labregos/as inexpertos e aforrar enerxía.	Valorar como anda a nosa alimentación e que sabemos sobre agricultura ecolóxica.	Coidalas e observan como van medrando.
<b>Tipoloxía textual</b>	Plano da horta	Noticia e noticias disparatadas Ficha policial dos delincentes da horta	Guión de radio. Cuñas publicitarias.	Enquisas e infografía para a recollida de resultados.	Táboas de recollida de observacións e medidas. Gráficas de crecemento

	Tarefa 11	Tarefa 12	Tarefa 13	Tarefa 14	Tarefa 15
<b>Que pasou?</b>	Xa temos xudías! Recollémolas		Doamos os calendarios a 5º e 6º para Depoemprende	Poñémonos científicos: as xudías están medrando.	Remata o curso
<b>Que queremos?</b>	Medilas, pesalas, saber canto valen...	Comelas	Vender compost e calendarios agrícolas	Observalas de preto.	Presentar a todo o cole o noso traballo
<b>Tipoloxía textual</b>	Obradoiro de mates con xudías.	Receita interactiva	Anuncios publicitarios e cartelas de ofertas	Anotacións a xeito de caderno de campo. Fotografías. Presentación.	Crónica descriptiva do proceso e presentación


#### D.- DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.

Os grupos de 3º e 4º partían de situacións moi diversas. Mentres que maiores estaban acostumados ao traballo por proxectos, o emprego de diferentes equipos (ipads, cámaras, gravadoras, ordenadores...) e o traballo colaborativo, para os/as pequenos/as eran campos inexplorados. Pronto se puxeron ao carro.

O traballo das mestras foi principalmente exercer de guías na elaboración dos textos: ofrecendo modelos de referencia tanto de libros da biblioteca como

atopados rede, confeccionando **fichas guía sobre as que construír os textos** (modelo de receita, escaleta dos programas de radio...) e como nós dicimos, poñendo bonito o seu traballo para publicalo no noso [sites ECOVilariño](#) e no

[blog da biblio](#) (por exemplo: novas express, receitas interactivas, infografía, vídeo cos planos da horta, presentacións...). Xa comezamos a traballar para que esta labor sexa realizada tamén polo alumnado.



#### E.- RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROCESO

A relación das tarefas que seguen foise publicando no blog da nosa biblioteca: [abibliodeestrela.blogspot.com](http://abibliodeestrela.blogspot.com). Cando vimos que era abundante o traballo que queriamos publicar, decidimos ordenalo no sites que elaboramos para o proxecto. Chamámolo [Ecovilariño](#) porque queremos facer del unha porta aberta á aposta do noso centro pola reciclaxe, a agricultura ecolóxica, o medio ambiente...



Sacamos proveito da desgraza. O **alumnado** que agora está en **quinto** realizara a mesma visita que nós hai uns anos e viñeron a presentarnos o [traballo que fixeran](#) daquela. Quedaron encantados/as de refrescarnos a visita.

Como foi a primeira **noticia** para terceiro, tivemos que afondar nas partes do texto, observar os xornais que chegan os mércores e as novas locais na prensa dixital.

A nosa primeira nova publicámola no blog da biblioteca. Démoslle o formato que viñan empregando outros anos: boletín de novas exprés. [Investigación nos invernadoiros de Vilariño.](#)



### TAREFA 3: ENTREVISTA A SALOMÉ E SEVERO

Para sacar o máximo proveito da visita de Salomé (nai dun alumno de 3º) e de Severo (pai dunha alumna de 4º) preparamos ben as preguntas para a nosa entrevista. Distinguimos entre a pertinencia de preguntas relativas á investigación e preguntas algo máis persoais que non nos aportarían nada relevante.

Rexistramos a entrevista coa gravadora polo que logo, na clase, fomos recollendo todas as respostas para facer unha nova entrega do boletín de novas da Biblio de Estrela.

[Primeiro informamos da visita](#) e logo, redactamos un tipo de texto xornalístico diferente aos que viñamos facendo, [a entrevista](#).



### TAREFA 4: VISITA DE SAMUEL. ESTREAMOS A HORTA.

A información que nos deran as familias, os nosos coñecementos previos, a visita ás instalacións de HortaSalnés e a experiencia de Benito estaban ben, pero queriamos tamén o asesoramento dun experto así que, Samuel, **enxeñeiro técnico agrícola** (con fillo e filla tamén no noso colexio), achegouse á biblio de Estrela para darnos unha charla. Preparounos unha presentación. De paso, supervisou a plantación de repolos, porros e cebolas que fixemos no noso cachiño de horta. Aproveitando que estabamos en faena, plantamos sementes de xudía amarela en macetas que logo levamos para seguir o



proceso nas aulas.

Do impacto da charla de Samuel falaremos máis adiante. De momento, voltamos ás novas expresión (agora xa estaba rodado) para contar a o paso do experto pola biblioteca e a horta. "[Os de 3º e 4º estreamos a nosa parte da horta](#)".

### TAREFA 5: CALENDARIO AGRÍCOLA

Estaba claro que había que plantar repolos. Era o tempo e todos/as (familias, labrego/a e experto) coincidían. Onde non atopamos tanta coincidencia foi no resto das hortalizas. Tivemos que facer un verdadeiro traballo de investigación para aclarar que podíamos plantar en cada mes, canto tempo tarda en madurar e polo tanto, cando temos que estar preparados/as para colleitar.

Toda a información que nos interesaba recollémola nunhas [fichas descritivas de cada produto](#). Botamos man de internet, de libros e da sabedoría popular. Ata recuperamos un traballo de cando os nosos/as pais/nais (ou os seus amigos/as de Castrelo) estaban no colexio. Resulta que tamén investigaran.




En resumo, pasamos as fichas a un documento de word, buscamos receitas para cada hortaliza e creamos hiperligazóns, refráns e adiviñas (non sempre atopamos), inserimos fotografías... e debuxamos. Esta é a [ligazón](#) onde o aloxamos en Ecovilariño.

Con todo elo elaboramos o noso [calendario agrícola](#).

### TAREFA 6: PLANO DA HORTA. CHEGOU A PARCELARIA.

Como todos os cursos estaban interesados en plantar e nós, en Ciencias Sociais andabamos ás voltas cos planos e en Matemáticas coas medidas, decidímonos a facer os nosos propios [planos da horta](#).

Fomos a vela, sacamos fotos, tomamos **medidas** coa cinta métrica, preguntamos en cada clase que tiñan plantado... Non están feitos a escala pero si ben **orientados**, para






algo estudamos os **puntos cardinais**. Tamén fixemos unha pequena **descripción do lugar**.

### TAREFA 7: AS OVELLAS COMEN OS REPOLOS

Unha mañá, cando saímos ao patio, levamos unha sorpresa: desapareceran os repolos que plantamos! Comezou unha investigación detectivesca, **hipóteses**, ruxe-ruxes... **Observamos** restos, pegadas e preguntamos á experta profe Teacher que resolveu o caso: as ovelas do veciño. Os de cuarto elaboran unha [noticia con toda a](#)

[información ben contrastada](#) (incluso foron a queixarse ao veciño, sorte que non estaba).

En terceiro, fantasiámos un pouco e elaboramos [noticias disparatadas](#).



Era probable que máis ataques volvesen suceder. “Coincidindo” que en Ciencias Naturais había que estudar os animais elaboramos fichas policiais para os [delincuentes da horta](#), unha para un animal de cada grupo: mamíferos, aves, peixes...



### TAREFA 8: ESTREAMOS RADIO ESTRELA. FACEMOS PROGRAMAS DE CONSELLOS

Os/as de terceiro, tiñamos moi claro que a **radio** sería a plataforma dende a que contariamos ao mundo todas as nosas aprendizaxes labregas. Quixemos compartilas. Con algúns coñecementos previos e toda aquela sabedoría que as nosas familias (avós, pais e nais, veciños..) nos ían aportando, decidimos comezar a escribir **pequenos guións** para facer unha serie de **programas de radio**. Chamámoslles

[Horticonsello do día](#). Presentámonos ao I Concurso de Podcast con [Especial de Horticonsello do día](#),

polo que remitimos ao proxecto que redactamos no seu momento.



Neste caso traballamos o [guión de radio](#).

En cuarto, seguiron con esa mentalidade ecoloxista, que xa teñen interiorizada, e, coa súa co-titora e coordinadora da biblioteca, investigaron, redactaron, ensaiaron, gravaron e deron a coñecer unha boa morea de consellos sobre o aforro enerxético para coidar do noso e o de todas e todos.




Chamárono [Pequenos xestos, grandes logros](#).

Co tino de que estabamos co guión do Especial e que os de 5º e 6º ían vender o compost e os calendarios agrícolas para DEPOemprende, investigamos acerca das [cuñas publicitarias](#). escoitamos nas aulas exemplos variados, seleccionamos unha que nos gustou e tomámola como modelo para crear as nosas.

### TAREFA 9: CHARLA DE SAMUEL. TRABALLAMOS CON ENQUISAS.

Samuel asesorounos durante a plantación na horta como xa dixemos, pero tamén nos deu unha charla sobre a importancia da dieta saudable e a agricultura en Cambados. Pensar que hai maior poboación de pitos que de persoas deixounos abraiados/as. Decidimos traballar outro tipo de texto, as **enquisas**.

Os de cuarto lembraban perfectamente como se elaboraban, xa o fixeran durante o Proxecto Comedor. De aí a importancia das **aprendizaxes significativas**. Poden quedar borrosas co tempo pero non se esquecen de todo. Acordaron elaborar preguntas para investigar acerca dos coñecementos da xente sobre a **agricultura ecolóxica**, Samuel algo dixera. Primeiro investigaron un pouco: que se o selo de



agricultura ecolóxica, que é o que ten que cumprir un produto para ser considerado ecolóxico,

que valor ten para o medio ambiente.... [elaboraron as súas propias](#)

[preguntas](#) e colgáronas na rede a través de Facebook e Ecovilariño.


Resultados... aínda están por analizar pero cremos que, en xeral, non sabemos moito sobre agricultura ecolóxica.



En terceiro, comezamos investigando que é unha enquisa, buscamos en internet e atopamos unha sobre [alimentación saudable](#). Animámonos a encher cada un/a a súa. Recollemos os datos en táboas e elaboramos gráficas. [Interpretamos os resultados](#) escribindo un pequeno texto que a mestra puxo bonito, a xeito de infografía.

### TAREFA 10: CULTIVAMOS XUDÍAS NA AULA

Entre mentres, as xudías da aula ían medrando e nós observando, rexistrando e cuidando. Elaboramos [táboas para rexistrar o crecemento](#) e finalmente envorcámolas nunha [gráfica de crecemento](#). Ciencias da Natureza e Matemáticas dentro da aula en vivo e en directo. Na exposición final pódese observar todo o proceso e traballo realizado.



### TAREFA 11: OBRADOIRO DE MATES CON XUDÍAS

Naceron as xudías, medraron e xa estaban listas para recoller, así que... era tempo de colleitar, cociñar e degustar. Pero antes... **Obradoiro de mates con xudías**. Estimamos o peso, pesámolas, medímolas, fixemos problemas de xudías e euros, xudías e pesos... comparamos cantas recolleramos en terceiro e cantas e cuarto....



### TAREFA 12: RECEITAS DE XUDÍAS

As mestras sondamos un pouco a ver se lles gustaban as xudías ou non, se as comían na casa e no comedor.

A maioría... puaj!

- Primeiro **buscamos nos libros da biblioteca** a ver se había algunha receita que nos enchera o ollo.
- Logo, pedimos que trouxeran a mellor **receita de xudías de cada casa**. (algúns fixeron trampa e buscaron en internet). Cando chegaron as receitas, recollidas nunha ficha ex profeso, lémolas e escollemos democraticamente a que máis nos gustaba. No caso de terceiro, xudías con xamón e no de cuarto con patacas, atún e ovo.
- Escribimos a receita a medida que cociñabamos. Hai fotos cos pratos baleiros.

d. Pasámola a limpo entre todos/as para facer unha [receita interactiva](#) coas fotos do proceso, a receita para descargar e... un audio que gravamos na radio.

e. Publicamos en Ecovilariño.



### TAREFA 13: ANUNCIOS PUBLICITARIOS E CARTEIS DE OFERTAS

A feira do Depoemprende xa estaba moi preto. Os de cuarto envasaron o compost (pesaron medio quiliño moi ben pesado) e elaboraron a **etiqueta de envasado**.

Logo, fixeron **carteis publicitarios** para que a xente se animase a comprar.

En terceiro decidimos facer **cartelas de oferta** para os repolos e as xudías. Aínda de oferta quedaban un pouco caros pero serviunos para fixarnos nos prezos dos produtos nos supermercados e valorar o que vale o que comemos.



### TAREFA 14: POÑÉMONOS CIENTÍFICOS: OBSERVAMOS AS XUDÍAS MÁIS DE PRETO.

Outra vez aproveitando contidos de Ciencias (andabamos a voltas coas plantas) e que levabamos moito tempo coidando as xudías, decidimos poñernos científicos e observalas máis de preto.

Sacamos a cámara de fotos e fomos desfazendo a flor da xudía.

Fixemos **debuxos das nosas observacións** como fan os científicos nos seus **cadernos de campo** e puxemos nome a todo aquilo que estabamos a observar. Convertémolo nunha [presentación](#).



### TAREFA 15: CRÓNICA DO PROCESO PARA A PRESENTACIÓN DO PROXECTO E DE ECOVILARIÑO

Chegado o final de curso, queriamos dar a coñecer todo o noso traballo. Redactamos unha **crónica exhaustiva** do noso traballo coas xudías. Con ese texto, as fotos e os nosos debuxos, elaboramos unha [presentación final](#). Algunhas alumnas de

cuarto, xunto coa mestra de terceiro, elaboraron o guión para presentar tamén



Ecovilariño ao resto do colexio. Démoslle un par de ensaios e listo. Fixemos dous exitosos pases.

## **F.- RECURSOS UTILIZADOS ASÍ COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN.**

**a) Recursos humanos:** hai varios anos que no noso centro apostamos por que haxa dúas mestras en aula nalgún momento da semana. Iso permítenos facer desdobres, apoios máis individualizados, tarefas para as que gran parte do grupo precisa a guía da mestra, gravacións de vídeo ou audio en pequeno grupo... Este ano foron catro horas as que compartimos en cada unha das clases, dúas para proxecto e dúas de matemáticas.

Ademais tivemos a colaboración das familias, tanto das nosas aulas como de outro alumnado do centro. Equipo directivo, claustro de mestras e mestres, empresas locais, veciños... aportaron o seu gran de area.

Daniel, mestre composteiro do Concello e Antón, biólogo, tamén nos ofreceron toda a súa sabedoría no relativo á compostaxe. Tamén recibimos unha charla sobre Economía Circular da que aprendemos que hai que ir máis alá da regra das tres r.

Finalmente, temos que nomear a Javier Prado e Cristina Corral que como docentes nas sesións de formación de radio para o alumnado, nos aportaron a súa axuda e entusiasmo.

### **b) Recursos materiais:**

**Equipos:** ordenadores, Ipad's, móbiles (os das mestras), impresoras, proxectores e pantallas, gravadoras de son, micrófonos, auriculares... tanto da aula como da biblioteca e Radio Estrela, que tanto nos divertiu. Foron empregados polas mestras pero, sobre todo tamén, polo alumnado.

**Fondos da biblioteca:** xornais, revistas, libros de cociña, libros de consulta, textos de referencia para analizar tipoloxías textuais, formación do profesorado...

**Recursos web:** blog da biblioteca, páxinas de consulta, genially, o noso sites de proxecto: Ecovilariño...

### **c) Fontes consultadas:**

Foron moitas e moi variadas as fontes consultadas, dende enderezos de internet para receitas que se atopan nas ligazóns, páxinas sobre ecoloxía, compostaxe, xardinaría... ata fontes documentais

da nosa biblioteca. Algúns foron:

- BARTHOLOMEW, M. (2015): “El huerto en 1 m<sup>2</sup> para niños”. Ed. Blume.
- RODRÍGUEZ, C. e DELEBECQUE, F. (2014): “Frutas, flores, hortalizas y pequeños bichitos”. Ed. Blume.
- CORDEIRO, M<sup>a</sup> C. e NÚÑEZ, A. (1998): “A nosa horta: guía para a ordenación dos cultivos da horta familiar”. Ed. Xerais. Serie Montes e fontes.
- MAISETINI, M. E VARIOS (2019): “El huerto en casa (manual práctico)”. Ed. Rústika.
- VVAA. (2001): “O libro da cociña Galega. A nosa cociña”. Ed. Novos Vieiros.
- MUSCAT, B. e FELLNER, H. (2011): “100% Recetas”. Ed. San Pablo.
- VILA, M. (2005): “A cociña do Merlín”. Ed. Galaxia.
- CEIP CASTRELO (1995): “O campo en Castrelo”.

#### **G.- IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA, NO SEU CASO.**

Como xa fomos relatando na exposición das tarefas, a implicación de toda a comunidade foi moi alta. Contamos coa colaboración do alumnado, profesorado, familias, veciños, unha empresa da zona, persoal do concello ... ata o persoal de limpeza, que tivo que soportar as nosas plantacións con terra, compost e auga nas clases dende xaneiro.

#### **H.- DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA**

Dende o principio tivemos presente a necesidade de dar a coñecer ao resto da comunidade as nosas investigacións, novas, traballos... posto que todos/as andabamos niso de coidar do noso para coidar do de todas e todos.

O **blog da biblioteca** foi a nosa principal ferramenta para mostrar o que ía acontecendo. Pensamos que estaría ben ir organizando as publicacións e outros traballos, que non subiamos como entradas. Foi entón cando xurdiu a necesidade dun aloxamento de fácil acceso a través do mesmo blog da biblioteca. Así, decidimos crear o sites de proxecto ao que chamamos Ecovilariño. Traballaremos para que sexa moito máis que o sites da horta escolar.

Realizamos dous pases de **exposición final** do proxecto. Fixeron que o alumnado de terceiro (o de cuarto xa sabía de que ía o tema) puxese en valor todo aquilo que estiveron facendo durante o curso. Estamos totalmente seguras de que sen a exposición, moitos/as deles/as non terían a sensación de gran traballo co que se foron en xuño.

## **I.- AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.**

Como vimos facendo nos últimos anos, realizamos a avaliación continuada en dous ámbitos, por un lado as aprendizaxes acadadas polos nenos/as e por outro o proceso de ensino/aprendizaxe en si: a pertinencia das tarefas, o seu desenvolvemento e a propia actuación das mestras implicadas. Para todo elo atendemos á **Orde do 9 de xuño de 2016**, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria.

### **a) Avaliación das aprendizaxes acadadas polo alumnado**

Servímonos das **observacións** realizadas tanto durante o desenvolvemento das actividades como nos produtos das mesmas (programas de radio para expresión oral, textos escritos para os boletíns informativos, crónicas, receitas, elaboración de gráficas, cartelas...). Escribiamos no encerado os fitos que debían estar presentes a xeito de rúbrica nuns casos e noutros proxectabámolas no EDI.

Botamos man de diferentes **escalas de observación, listas de control e rúbricas** xa elaboradas en anos pasados para obter un rexistro máis exhaustivo no ámbito das competencias: lingüística, dixital, de aprender a aprender e cívico e social. Premendo no seguinte enlace atoparedes a [rúbrica para avaliación da elaboración e locución dos programas de radio](#).

### **b) Avaliación do proceso de ensino**

Agora que estamos a recoller todas as tarefas realizadas nun só documento temos a certeza de que o **grao de desenvolvemento das nosas programacións de aula** foron máis que satisfactorias. Ás aprendizaxes significativas que o noso alumnado ven de obter este curso súmase o respecto, o gusto e a posta en valor do traballo do campo que se fai no entorno no que vivimos.

A **resposta do alumnado** igualmente foi moi boa en todas as actividades propostas. Queremos salienta

o alto nivel de motivación que nos proporciona a radio e a rápida adaptación do alumnado de terceiro ao traballo por proxectos.

A **nivel organizativo**, tanto espazo, como materiais ou recursos humanos foron suficientes. É verdade que nos gustaría ter tempo de coordinación coa cotitora de 4º e a mestra especialista de Inglés, pero somos conscientes de que é difícil fixalas nos horarios. Empregamos as aulas, a biblioteca, a radio escolar, a horta... indistintamente segundo fomos precisando.

Fixemos agrupamentos de todo tipo, parellas, equipos cooperativo, desdobres, pequenos grupos, incluso algunha sesión cos dous grupos xuntos para ensaiar a exposición final, informarnos uns aos outros/as.

Con **respecto á atención á diversidade** queremos destacar que o ensino entre iguais, o traballo cooperativo, a adaptación ao ritmo de traballo de cada alumno/a, a posibilidade de realizar as tarefas segundo o nivel que cada un/a puidera acadar e a participación de todo o alumnado aportando ideas válidas para todo o grupo, fixo que o alumnado con maiores dificultades se sentise capaz, se fora facendo máis autónomo e perdera o medo ao erro en público. Todos/as tiñamos algo que aportar.

O **clima de traballo nas aulas** foi moi bo e a participación e interese das familias, tamén satisfactoria.

### **c) Avaliación da práctica docente**

Valoramos moi positivamente o feito de traballar de xeito coordinado dúas persoas dentro da mesma aula. Con dúas horas de proxecto cada unha na titoría da outra fomos vendo como ían resultando as propostas e facendo modificacións no caso de consideralas oportunas.

### **c) Conclusión da avaliación. Propostas de mellora:**

- a. Gustaríanos ter unha valoración final do proxecto por parte das familias. Moitas son coñecedoras, a través da web, redes sociais e dos comentarios do alumnado, do traballo realizado pero creemos outros tantos/as descoñecen gran parte do proxecto.
- b. Creemos que debemos dar o paso de facer que sexa o alumnado o que “poña bonito” para presentar nas redes o traballo que facemos na aula. Somos conscientes de que reduciremos o número de tarefas pero pagará a pena.



- c. Algúns aspectos foron valorados simplemente a través das observacións realizadas na aula polo que nos gustaría ter a avaliación un pouco máis sistematizada.

#### **L.- FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.**

Sen a participación da biblioteca no proxecto moitas das actividades non terían xurdido. **Foi centro de recursos aportando equipos** (proxector, pantalla, gravadoras, lpads, radio escolar....), **fondos** (consulta, análise de tipoloxías textuais...), un **espazo de traballo** dos grupos, un **espazo expositivo** (charlas, entrevistas, exposicións finais), **medios de difusión do proxecto** (blog e sites) e fomentando e apoiando **a formación do alumnado e do profesorado.**

O **vindeiro curso** darémoslle continuidade a este proxecto. A nosa intención é fomentar o uso de sementes autóctonas na nosa contorna. Xa gardamos as sementes das xudías que cultivamos na aula e para setembro virán a formarnos sobre como facer a recollida e almacenamento das hortalizas que se colleitan no verán. Aínda nos queda moito terra que labrar...

Vilariño, 10 de xullo de 2019